

ORDENANZA FISCAL Número . 4
REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1º: - FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 Real decreto lexislativos 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a "Taxa por licenza de apertura de establecemento", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, das que a súas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2º: - FEITO IMPOÑIBLE

1.-Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica coma administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calesquera outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas e Regulamentos municipais o xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais; aínda nos casos de cambio de titularidade do establecemento.

2.- A tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo as súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolta no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste , e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
- d) A modificación da titularidade dos establecementos cando conleve a necesaria actividade administrativa prevista no punto 1 do presente artigo".

Artigo 3º: - SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, desenvolverse en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º: - RESPONSABLES

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º: - BASE IMPOÑIBLE

1. -Constitúe a base imponible da Taxa a cota tarifa ou importe mínimo do Imposto de Actividades Económicas, e no caso de que no establecemento en cuestión desenvólvese máis de unha actividade suxeita a dito Imposto, tomarase como base imponible a suma das cotas tarifas ou importes mínimos dos diferentes epígrafes.

2. - Se o suxeito pasivo da Taxa tributase no I.A.E. por cota nacional ou provincial, tomarase ca base imponible, a cota tarifa municipal ou importe mínimo no seu caso, que lle correspondese ao local no caso de tributar pola cota municipal. No caso de que no establecemento desenvólvese máis de unha actividade suxeita a devandito Imposto, tomarase coma base imponible a suma das cotas tarifas municipais ou importes mínimos dos diferentes epígrafes que corresponderán no caso de tributar pola cota municipal.

Artigo 6º: - COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria determinarase aplicando o tipo de gravamen do 200 por cen sobre a base definida no artigo anterior para os establecementos en xeral e do 300 por cen para aqueles que estean clasificados de molestos, insalubres, nocivos ou perigosos.

Nos casos de cambio de titularidade que non comporten alteración da actividade orixinaria, aplicarase o 50% da cota a que se refire o parágrafo anterior.

2.- A cota tributaria aplicarase por unidade de local.

3.- Nos casos de variación ou ampliación da actividade a desenvolver no establecemento suxeito, da cota que resulte pola aplicación dos apartados anteriores deste artigo, deducirase o devengado por este concepto tributario con ocasión da primeira apertura e das ulteriores variacións ou ampliacións da actividade, así como da ampliación do local. A cantidade a ingresar será a diferenza resultante.

4.- No caso de arquivo da solicitude, tramitado ao amparo do artigo 6, párrafo 3 da Ordenanza reguladora do procedemento para solicitar licenzas de edificación e uso do solo, o solicitante terá dereito á devolución dun 80% do importe das taxas previamente ingresadas.

5.- Cando o establecemento permanecera pechado durante 6 meses ou máis satisfarase a Taxa de apertura do mesmo xeito que se iniciárase o expediente de apertura, por seren preceptivas as comprobacións técnico - sanitarias.

Artigo 7º: - EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

Quedarán exentos do pagamento da Taxa aqueles suxeitos pasivos solicitantes da licenza que desistan da súa petición con anterioridade a iniciación das verificacións técnicas por parte do Concello e as transmisións "mortis - causa", cando o cambio de titularidade solicítese dentro dun período máximo de 6 meses a contar dende a data do falecemento do titular.

Artigo 8º: - DEVENGO

1. - Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. -Cando a apertura tivera lugar sen obter a oportuna licenza, a Taxa devengarsase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducinte a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche , se non fora autorizable dita apertura.

3. -A obrigación de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9º: - DECLARACIÓN



As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, acompañada do documento xustificativo da base impoñible desta Taxa.

Artigo 10º: LIQUIDACIÓN E INGRESO

1-O petionario acompañará á solicitude de licenza xustificante de autoliquidar a taxa e ingresado o importe resultante na Tesourería Municipal ou na entidade colaboradora. Tendo a liquidación tributaria así practicada o carácter de provisional e estando suxeita a posterior comprobación administrativa.

2.-As débedas e responsabilidades tributarias derivadas da xestión desta taxa serán esixibles a quen sucedan por calquera concepto na titularidade do establecemento, de acordo cos termos previstos no artigo 177 da Lei xeral tributaria.

Artigo 11º: INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1- En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2-A falta de licenza de apertura de establecementos considerarase falta moi grave.

3-A falta de licenza de variación ou ampliación de actividade, considerarase falta grave.

4-A falta de licenza de ampliación de establecemento considerarase falta grave.

5-A falta de notificación nos cambios de titularidade considerarase falta grave.

6-A falta de notificación de calquera alteración que se leve a cabo no establecemento, considerarase falta leve.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-DERROGADA

DILIXENCIA para constatar que:

A presente Ordenanza fiscal, da que a súa redacción orixinal foi aprobada polo Pleno da Corporación en Sesión celebrada o 9 de novembro de 1989 foi publicada no B.O.P. Nº 4 bis de 5 de xaneiro de 1.990.

Por Pleno de data 19 de decembro de 1.991 foron modificados os artigos 6º.5 e 11º, levándose a cabo a publicación dos seus textos íntegros no B.O.P. Nº 94 de 25 de Abril de 1.992.

Por Pleno do Concello celebrado o día 22 de xaneiro de 1.992 modificáronse os artigos 2º.1 e 2º.2 e 5º desta Ordenanza, dos que os seus textos íntegros foron publicados no B.O.P. Nº 72 de 30 de marzo de 1.993.

Por Pleno celebrado o día 1 de decembro de 1.993 modificáronse os artigos 5º, 6º.4 e 7º, publicándose os seus textos íntegros no B.O.P. Nº 47 de 28 de febreiro de 1.994.

Por Pleno celebrado o día 11 de novembro de 1.998 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 299 de 31 de decembro de 1.998.

Por Pleno celebrado o día 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º, 3º, 4º, 10º e 11º e derrogouse a disposición transitoria, publicándose os seus textos íntegros no BOP nº 285 de 12 de decembro do 2008

Por Pleno de data 27 de novembro do 2008 modificouse o apartado 4 no artigo 6º, publicándose o texto deste apartado no BOP nº 32 de 9 de febreiro do 2009, e entrando en vigor aos 15 días da publicación.